



A música nas festas no Val do Ulla de 1850 a 1900: visións desde a prensa

Henrique Neira Pereira
valdoulla@yahoo.es

Resumo. As celebracións festivas no Val do Ulla e a música como elemento clave delas aparecerán frecuentemente desde mediados do século XIX nos textos xornalísticos que achegan a lectoras e lectores fundamentalmente das cidades unha realidade sensiblemente diferente á súa. As descrições e crónicas das festas acadaron un certo éxito non só na prensa galega, senón tamén na prensa de Madrid e da emigración e hoxe achégannos valiosa información sobre a importancia da música na vida da época.

Abstract. From the middle of the 19th century, celebrations in Val do Ulla and their music as the key element often appeared in journalistic texts that brought readers, mainly from the cities, closer to a considerably different reality. Descriptions and chronicles of these festivities were quite successful not only in the Galician press, but also in Madrid and in the emigration press and, today, they give us valuable information about the importance of music in the life of the time.

Na segunda metade do século XIX atopamos na prensa ricas descrições do ambiente das celebracións festivas ullás e noutras ocasións son obxecto de exercicios literarios¹ e sitúanse como elementos evocadores de momentos de felicidade: frecuentemente preséntanse como unha válvula de escape para as mulleres e os homes que habitaban o Val do Ulla que a través delas esquecían por unhas horas a rutina cotiá e as preocupacións.

Mais obsérvase, conforme se achega o final do século, que a prensa galega e en particular a compostelá acostuma a ofrecer crónicas máis detalladas dalgunhas das festas e romarías máis coñecidas do Val do Ulla, publica avisos anunciando as datas das celebracións máis salientables e noticias daquelas nas que se rexistra algún episodio de violencia ou algún outro feito considerado como noticiabile.

A prensa pode ser ademais unha excelente fonte para recuperar información sobre textos impresos e atopamos ás veces referencias a bailes ou á música que se interpretaba nas festas: os instrumentos

1 Véxase por exemplo: Losada, Benito. "Relembro d'aló. A festa de Gundián". En: *A Gaita Gallega*, A Habana, 18 de setembro de 1887, p. 8-9.

que se empregaban, as pezas que se tocaban ou o xeito de bailalas son algúns dos datos que nos fornecen os diarios e as revistas.

É imposible ofrecer unha relación exhaustiva porque aínda quedan moitas cabeceiras de prensa galegas por dixitalizar e indexar para facilitar a súa consulta, pero a seguir imos ofrecer en orde cronolóxica unha selección de fragmentos de textos publicados en xornais e revistas galegas e de fóra, moitos deles ben coñecidos e reproducidos logo de veren a luz por primeira vez en diversas publicacións periódicas.

Antonio Neira de Mosquera (1853)

O escritor e xornalista Antonio Neira de Mosquera (Santiago, 1823-A Coruña 1854) publica na revista madrileña *Museo de las Familias* do 25 de xullo de 1853 un artigo titulado ‘Un valle de Galicia’ (páxinas 9 a 12), que presenta como unha parte dunha descrición topográfica e monumental do Val da Ulla Baixa, que inicia na Ponte Ulla e no que escribe logo sobre a romaría de Tomonde (Santa Cruz de Ribadulla, Vedra) en setembro:

En los calurosos meses del verano, las iglesias y las ermitas de la Ulla baja multiplican sus festividades religiosas. La devocion equivale al regocijo público: á la misa del patron sucede la foliada del soto². La misa mayor en los dias de fiesta es una funcion manual, familiar. El coro de la iglesia está vacío: se echa de menos al gaitero.

Lembra despois que:

La misa de reliquia ó de patrón es anunciada á la víspera por el gaitero, y á la mañana siguiente por el repique de campanas: tiene cohetes, procesion, y baile al medio día en el crucero mayor. Los mancebos ganan³ á las mugeres, sacudiendo sus castañuelas y removiendo la arena del suelo. Las doncellas dejan sus mantillas de paño, y responden á un guiño imperceptible ó una pisada vigorosa. La flauta y la gaita se persiguen en la muyñeira⁴, para no lograr una reconciliación filarmónica. Los aldeanos se agrupan alrededor, sin apercebirse del calor tropical que se desploma sobre sus cabezas. A la tarde vuelven á reunirse bajo los frondosos robles del soto, siguiendo los estrechos senderos de los sembrados, grupos bulliciosos de aldeanos, riendo, cantando, saltando. Es la doble romería del valle: por la mañana al templo, por la tarde al bosque. Despues la oracion

2 Equivale en dialecto gallego á baile campestre.

3 Equivale á decir: solicitan.

4 Baile provincial de Galicia.

fervorosa la cántiga popular⁵. Para los habitantes del valle una fecha religiosa es un aniversario de familia. El gaitero señala á su antojo el salon del baile. Los ancianos recuerda; los jóvenes olvidan; los niños escalan los troncos de los árboles ó persiguen las varas de los cohetes apagados, que vuelven al soto. Los giros monótonos de la muyñeira se renuevan hasta el anoecer. El baile se deshace al tibio resplandor del hespero.

Na romaría de Tomonde describe «numerosas comitivas de romeros que llegan á la iglesia, cantando y bailando al son de una flauta». Logo «Pasan los gaiteros. Se apiñan los aldeanos en el átrio. Cesan las misas rezadas. Los romeros se atascan en la puerta de la iglesia. El esquilon repica, el bombo y tamborillo atruenan, los almuerzos cesan, los diálogos se interrumpen, los cantares se aplazan, las cofias se arreglan, se improvisa un altar en la puerta de la ermita, se coloca la efigie de la virgen de los Dolores debajo del alero de la iglesia. El átrio y el soto se convierten en templo, el templo se convierte en coro, detrás del altar» para a misa maior, diante da capela, na que «su orquesta es el gorjeo de los pájaros».

Unha vez que rematou a misa maior «la procesion recorre el átrio de la capilla entre el estruendo de los cohetes, el tañido de la campana y los acordes de gaitas y flautas acompañadas del bombo y el tamboril».

Non podía faltar a pólvora, e «A los fuegos artificiales sucede la baila⁶ de la mañana; plato de entrada en la comida de los romeros».

Tras o xantar «Las canciones se cruzan sin conclusion, los gritos se suceden á menudo» e «A la tarde, los aldeanos sostiene la foliada en el átrio de la iglesia» e «bailan á las puertas del templo como los antiguos levitas al redor del arca. La romería revela la distancia á que se encuentra la aldea de la ciudad. En el átrio de la capilla se baila la muyñeira: en la cercana era la schotix y la polka-mazurca. Aquí mantelos y cofias, allí sombreros de viage y capotas de baños: en el átrio ganando las doncellas para la muyñeira: en la era los caballeros banquetas para las damas. El campo se acuerda únicamente de las que bailan; la ciudad también piensa en las que ven bailar. Como acontece en la vida social, la franqueza dura mas que la eti-

5 Cántiga en dialecto gallego y romance antiguo significa canción.

6 Baile

queta. Desfila el público de la schotix, cuando se reanima el público de la muyñeira».

Vemos que a descrición de Neira de Mosquera é completísima e contrapón a música rural coa música urbana.

Alfredo Vicenti Rey (1875)

O xornalista (Santiago, 1850-Madrid, 1916) logo da súa estadía en Santo Estevo de Oca (A Estrada) en 1872-1873 publicou desde abril de 1875 unha serie de crónicas na prensa galega⁷ –comezando polo xornal ourensán *El Heraldo Gallego*– tituladas ‘Perfiles gallegos. A orillas del Ulla’.

Estes textos supoñen un interesante achegamento desde o xornalismo urbano á realidade do rural galego e en concreto á comarca da Ulla ou Val do Ulla, na segunda metade do século XIX. No texto 4, ‘El primer día de sol’, (3 de xuño de 1875, páxina 4) indica referíndose ó Val do Ulla:

la generación actual se viste a lo urbano y en los momentos de buen humor entona habaneras acompañadas de aturuxos.

Conta tamén no mesmo texto (10 de xuño de 1875, páxina 4) como estando nunha casa polo Nadal chega un coro de mozos cantando coplas en castelán acompañado dun gaiteiro, para pedir o aguinaldo:

resonó a la puerta de la casa un coro de voces masculinas, acompañadas en falsete por el gaitero.

No texto 5, ‘La máscara’ (24 de xuño de 1874, páxinas 3 e 4), describe o Antroido dos Xenerais da Ulla e o seu acompañamento musical:

Dos gaitas concertadas mal o bien con otros tantos clarinetes y cornetines de pistón, rompieron en un aire sfogato del país, y al bélico sonido púsose en marcha la columna, precedida por el correo que galopaba a vanguardia y seguida por los habitantes ociosos de la aldea.

7 Están recollidas e comentadas en diversos libros, entre eles: Vicenti, Alfredo. *Galiciana básica de Alfredo Vicenti : poesía e prosa, 1868-1916*. Pontevedra-Madrid, 2001, Deputación Provincial de Pontevedra-Taller de edicións J.A. Durán.

Máis adiante no mesmo texto fala dun baile improvisado:

las gaitas escogieron los mejores aires del repertorio para que bailasen al son aquellos enmascarados que no tenían rocines que guardar ni productos de su industria que exponer.

E finalmente:

Los gaiteros rompieron a tocar la alborada, ese aire gozoso y apacible cuando suena en los campos al amanecer de un día de septiembre, pero feroz, salvaje, iracundo, cuando el músico se siente airado y produce sin intervalos ni cadencias el ritmo ascendente que lo constituye, mientras el tamboril redobla con rapidez vertiginosa.

As observacións de Alfredo Vicenti acadaron moita sona porque son a primeira descrición ampla do Antroido dos Xenerais da Ulla e ata hoxe a mellor fonte para saber como se organizaba a festa a finais do século XIX.

Waldo Álvarez Insua (1876 e 1878)

O escritor e avogado Waldo Álvarez Insua (A Estrada, 1856-Madrid, 1938) é autor de varios textos de grande interese sobre as terras do Val do Ulla a finais do século XIX, publicados na prensa ou en libros. O seguinte, ‘La romería’, publicouse en dúas entregas no periódico ourensán ‘El Herald Gallego’: o 11 de marzo de 1876 na páxina 157 e o 18 de marzo nas páxinas 165 e 166. Describe unha fía que tivo lugar en San Miguel de Cora (A Estrada) e unha romaría en V..., lugar que puidera ser Vedra. As fías eran reunións para fiar –converter as fibras téxtiles en fío– e onde se cantaba, bailaba e se realizaban xogos populares. Este fragmento é da segunda entrega:

He aquí el sumum del adorno de una romería. Los viejos y los jóvenes han abandonado ya sus vegas y lavándose en la cristalina corriente de los mansos arroyuelos, en los que las bellas hijas del país ven reflejarse sus divinas facciones, toman con paso tardo y lento y entonando alguna sentida cántiga, el camino de la iglesia, á la que llegan cuando el mayordomo de la funcion, con un haz de voladores bajo el brazo y al frente de la banda de música (hoy hácia la parte del Ulla van cayendo en desuso las gaitas) entra acompañado del Sr. Cura, mas ufano y contento que un general victorioso al frente de sus ejércitos. Una vez dentro manda en jefe, se hace sitio á empellones y trastazos, dá sus órdenes con presteza y energía, arregla los preparativos para la misa solemne del dia siguiente; y el cura con el sacristan y D. Antonio el estudiante, entonan las salmodias y letanías que son de cajon en toda víspera de aldea.

Cuando se ha terminado en la casa de Dios, sállese todo el mundo al átrio y allí en confuso tropel se rodean y pisotean lo mismo la enfática señorita de la ciudad que va a allí á veranear, que la natural campesina hija de sus caseros. La música preludia la muiñeira, que los aficionados bailan con loco frenesí; las campanas repican con mayores bríos; el globo está próximo á volar, y el guardia y el ladron empiezan su vertiginosa carrera, que solo termina con dos tremendos estallidos. En estos momentos de delirio todos están fuera de sí y se oyen gritos de alegría, ardientes declaraciones, crujir de vasos y de copas, rechinar de castañuelas, cánticos de beodos, y todo en fin formando una armonía sin armonía, un coro discordante y aterrador, una música alegre y sin concierto, que hace enmudecer los gallos y los perros y huir amedrentados los zorros á sus guaridas.

Todo esto atolondra á jóvenes y viejos, enárdecense los unos y los otros, concítanse los ánimos, recuérdanse antiguos ódios y los de Vedra y Sarandon formando un temible bando, levantan sus mocas contra los de Trove y y Teo, á los cuales despues de romperle alguna cabeza y descoyuntarle las costillas, hacen huir cobardemente, quedando aquellos por reyes del campo. Estas luchas no dejan de repetirse un solo año, y jamás por muy heridos que salgan, unos ú otros, apelan á la justicia. Creen ventilarlas así mejor.

No periódico que el mesmo fundou na Habana, *Eco de Galicia*, publica Waldo Álvarez Insua no número do 8 de agosto de 1878 o artigo ‘Costumbres gallegas: a espadela’ (páxinas 3 a 5). Nel describe unha destas xuntanzas para mazar o liño, cantar e bailar unha vez rematada a tarefa. Foi en Santa María de Teo (Teo) e deste texto escollemos este fragmento:

Despues empieza otra escena más viva, más animada, más trascendental para mozos y mozas: la gaita y el tamboril, tocan desesperadamente la muiñeira, que se baila con locura hasta que la casta Féve, cansada de tanto jolgorio y tanta dicha niega su luz.

Os dous textos de Álvarez Insua permítennos achegarnos á realidade do traballo comunitario arredor do liño, con xuntanzas como fías e espadelas que acaban converténdose en festas nas que non falta a música.

El Diario de Santiago (1876)

Un amigo do director (X.) escribe unha carta asinada en Vedra o 9 de setembro na que dá a coñecer detalles de varias romarías celebradas en Vedra e que se publica na segunda páxina de *El Diario de Santiago* do 13 de setembro.

O día 2 foi a das Dores de Vedra, na que «El Señor Cura cumpliendo rigurosamente la Pastoral de nuestro digno Prelado, no permitió que tocase en la iglesia la música de la Estrada, pero en cambio no se opuso al bombo ni á los platillos, de un trascordado gaitero, que hubiera hecho las delicias de los habitantes de la Groenlandia y asesinado á los aficionados al divino arte de Orfeo». O texto indica que houbo tamén baile.

Logo refírese á romaría da Virxe das Ermidas na capela do Burgo, celebrada os días 7 e 8 de setembro tamén en Vedra. O día 7 pola noite «las mozas de Vedra disfrutaron unas cuantas horas de la vieja y tradicional muiñeira», mentres «El ocho por la mañana la música de la Estrada, dió serenata á varios particulares y á las doce comenzó la misa». Pola tarde «y en el soto contiguo á la casa del Sr. Tarrío, se improvisó un baile de caballeros y uno de labradores, reinando entre todos la mas agradable armonía. Duró el primero hasta las diez de la noche, hora en que la lluvia vino á favorecer á las mamás y contrariar á las niñas».

As cartas de colaboradores e os textos de correspondencia son unha boa fonte para coñecer como se desenvolvían moitas festas rurais na época.

Revista de Galicia (1880)

A publicación coruñesa dirixida por Emilia Pardo Bazán publica no número do 10 de agosto de 1880 un texto que non vai asinado (se candra da autoría da propia escritora) titulado ‘Crónica de los festejos de Santiago, en el Año Santo de 1880’ (páxinas 233 a 236). No texto cóntase como uns días antes da festa do Apóstolo se celebrou unha partida de pesca ofrecida polo marqués de Santa Cruz de Ribadulla «á sus amigos, en su quinta-palacio del mismo nombre, al borde del Ulla» (é dicir, en Ortigueira, Santa Cruz de Ribadulla, Vedra). Tras a pesca con rede de troitas e escalos, celebrouse o xantar e houbo «un baile campestre improvisado allí mismo en la risueña márgen».

Nunha crónica de 1905 lemos⁸ que se celebrou outra redada no río Ulla o 18 de xullo, festa de Santa Mariña de Ribeira (A Estrada),

8 López Carballeira, A. ‘Redada en Ribeira’. En: *Gaceta de Galicia*, 18 de agosto de 1905. Páxina 1.

á altura de Ximonde, parroquia de San Miguel de Sarandón (Vedra), así que se cadra a redada de Santa Cruz foi na mesma data. En calquera caso, de novo un traballo comunitario, a pesca con rede, que é complementado coa música e o baile.

Benito Losada Astray (1881 e 1887)

O escritor (Santiago, 1824-San Gregorio-San Mamede de Ribadulla, Vedra, 1891), que pasou longas tempadas en San Gregorio, onde faleceu, seguramente coñeceu ben as romarías e festas da Ulla.

Na publicación coruñesa 'El Día de Fiesta. Pasatiempo semanal ilustrado' publica no número do 25 de decembro de 1881 un poema en castelán titulado 'Al Pico-Sacro' (páxinas 2 e 3) e o poema en galego 'A espadela' (páxinas 6 e 7), que leva como antetítulo 'Recordos d'a Ulla'. As espadelas eran xuntanzas de traballo comunitarias pero cun certo carácter festivo que se facían asistindo xente de varias casas para limpar o liño despois de mazalo; deste poema dedicado a lembralas recollemos estes versos:

Cantan as rapazas
e fungan as vellas,
unha conta un conto
de bruxas ou meigas;

Á noitiña acaba o traballo e comeza a parte máis festiva:

As mais cantadoras
xuntanse. Co a orella
sobre d'a man posta,
como quen se queixa,
o Ala... lala... lala...
a cantar empezan.
Veñen vind'os mozos
por moitas veredas
e tragueñan fachicos
c'os que s'alumean.
Xa se rin, xa cantan,
xa atruxan, xa chegan.
O gaitreiro estonces
a tocar empeza,
e deixan as mozas
pandeiro e ferreñas.

Levan tamburil e bombo,
 que con él non pod'ó lombo
 o rapas.
 ¿Que vai poder o-probiño,
 si é com'o pe d'o muíño,
 de Tomás?
 Acab'á misa cantada
 e á percesion: á ruada
 imprinciou.
 Toc'á músic'a muiñeira:
 acod'á xente lixeira
 e tamen vou.
 Bailarei: pois fago uns puntos,
 non os fan, non, todos xuntos
 coma min.
 «O qu' adoita de bailare:
 nunca quedo pode estare.»
 Así din.

Vemos que fala dunha música de Caldelas (Ponte Ulla, Vedra). Aínda que hoxe usamos a palabra música como sinónimo de banda de música, aquí puidera referirse máis ben a un conxunto tradicional formado por unha ou máis gaitas de fol (lembramos a frase «coma foles de forxas, / sopran ben»), tamburil e mais bombo, idea que se reforza cando vemos que toca unha muiñeira. Non sabemos se existía un conxunto musical en Caldelas na época, se cadra simplemente Losada escolleu o nome para axustalo á rima do poema.

Finalmente, dicir que no poema tamén se fala de misa cantada, o que implica a existencia dun coro. Moitas das parroquias contaban con coro propio e cando non podía vir xente doutras parroquias, ás veces os mesmos músicos das bandas, para cantar.

Alfredo Andión (1882)

A publicación fundada por Waldo Álvarez Insua na Habana, *El Eco de Galicia. Revista semanal de ciencias, arte y literatura*, publica o 3 de decembro de 1882 nas páxinas 3 e 4 un texto, 'Nuestra Señora da Grela', da autoría de Alfredo Andión datado en outubro do mesmo ano sobre a romaría da Virxe de Guadalupe, máis coñecida como Nosa Señora da Grela en Codeseda (A Estrada) e que se celebraba o día 8 de setembro.

Este texto é o primeiro que menciona a frauta traveseira que coñecemos como requinta da Ulla e de aí obtemos estes fragmentos, sobre a véspera da festa: «las caravanas de romeros cantando alegremente al compás de la pandereta y la requinta».

Máis adiante indica o autor que «Las campanas no dejan un momento de repicar; la banda de música de La Lama de vez en cuando regala el oído con muiñeiras, jotas, mazurkas, danzas, etc». Refírese tamén á procesión da Virxe: «La gente apiñada alrededor de las imágenes; los cánticos sagrados que entonan los sacerdotes; la música tocando alegres marchas». E non podían faltar personaxes asiduos das festas:

Claro que no faltan los ciegos con sus ad lateres, los lazarillos, entonando improvisadas coplas al compás de la zanfona y la pandereta.

Después de anochecido, aquello es una Babel. Las canciones populares, las gaitas del país y la música tocando alegres muiñeiras; el acompañado sonido de las castañuelas, el estruendo de infinidad de voladores que pueblan los aires; los aturuxos; el continuo e incesante repiqueo de las campanas.

A festa continúa e a música non se detén: «Allá un corro, dentro del que bailan dos ó tres parejas al compás de la requinta y el panderero».

A crónica tamén fala da xornada da festa, o día 8, e velaí o que sucede tras a procesión da Virxe: «después que se retira, se baila la muiñeira ó muiñeiras de reglamento, y á comer». E logo de xantar, de novo, «ruada» ata que remata a xornada.

Gaceta de Galicia (1882, 1889, 1891, 1893, 1894 e 1900)

A seguir recompilamos unha serie de noticias breves sobre festas e romarías publicadas no diario santiagués *Gaceta de Galicia*. O 12 de setembro de 1882 o periódico ofrece nas páxinas 2 e 3 unha crónica sen asinar, 'En S. Julián de Sales', sobre como se celebrou a festa das Dores na residencia do xeneral Julián García Reboredo en San Xíán de Sales (Vedra), cuxo cuñado, o comerciante compostelán José Alonso Sal, era o funcionista da festa ese ano.

Á misa solemne asistiu «la mayor parte de la orquesta y voces de Capilla de la Catedral». Tras a procesión e o lanzamento de foguetes

e globos, «una bien afinada orquesta del pais tocó en el atrio para que los mozos y mozas bailasen segun es costumbre á la terminación de la misa. Eran las tres de la tarde cuando los asistentes á la función de iglesia se retiraban á sus casas, acompañando á los funcionistas la música, varios vecinos y las personas que habían ido de Santiago invitadas por aquellos».

Finalmente:

A la hora del crepúsculo vespertino y despues de servido el café, se abandonó la mesa y nos dirigimos al soto inmediato á la casa, donde tenía lugar el baile de la gente del país», onde «Así que se hubo retirado la música del país nos dirigimos nuevamente al jardín de la casa a disfrutar de la agradable temperatura de la noche y á respirar los perfumados aromas de las flores.

La orquesta de capilla tocó diferentes bailables á cuyo compás danzaban en la referida carrera central una docena de parejas, mientras los demás convidados conversaban ó paseaban.

Ofrécenos o xornal compostelán *Gaceta de Galicia* do 12 de agosto de 1889, na súa páxina segunda, unhas liñas sobre a romaría do San Campio daquel ano en San Miguel de Sarandón (Vedra). Co título ‘Desde el Ulla’, a información vai asinada por «El corresponsal», que puidera ser Mariano Fernández Tafall, fillo do director do xornal, e na que se constata a sona que acadaran na época as bandas de música:

Ayer se verificó en San Miguel de Sarandón una función á San Campio costeada por los jóvenes de la parroquia, y que en verdad, estuvo muy lucida.

Por la tarde concurrieron muchos labradores formándose un alegre baile que amenizaron dos músicas, colocadas en un templete, adornado profusamente de mirtos y faroles de colores; no hay para que decir que hubo cohetes y globos. No sucedió nada desagradable.

Na terceira páxina da *Gaceta de Galicia*, dirixida por Manuel Bibiano Fernández Redondo, atopamos o 30 de xuño de 1891 un artigo sen asinar titulado ‘Fiestas’ e que posiblemente estea inspirado polas romarías e festas ullás, pois Fernández tiña casa no Rial, en San Pedro de Sarandón (Vedra), e seu fillo Mariano escribía con certa frecuencia crónicas de festas e romarías na comarca. Ademais, o 29 de xuño fora o San Pedro, patrón desa parroquia:

Las fiestas religiosas de nuestras aldeas, parece que tienden á mejorar, es decir, que la tradicional murga que lastima el tímpano y los gritos que dan los cantan-

tes que desesperadamente entonan las misas, vemos que en algunas parroquias son reemplazados por el afinado armonium que acompaña un terceto, y que aunque no hace las delicias de nuestros labriegos porque á ello no están acostumbrados, satisface el gusto musical de las personas inteligentes.

Las fiestas rurales constituyen la alegría anual de los labradores.

El pan de trigo y las sopas de arroz de leche son los bocados apetitosos que se sirven en el tallo cubierto por vez primera por un mantel cuya blancura se eclipsa por el tinto de la tierra.

A ruada, que es el ideal de las mozas que estrenan el zapato de charol, el pañuelo de seda, la saya y el mantón, prendas que desgraciadamente sustituyeron á la cofia, dengue y mantelo, es la fiesta de la tarde, en la que el americano mestizo baila la muiñeira luciendo el pantalón bombacho y el cuello de puntas.

Vemos de novo que se fala das misas cantadas, aínda que nesta ocasión a calidade do coro parroquial é contraposta a un terceto profesional ou semiprofesional. Menciónase tamén o harmonio, que recollendo a definición do ‘Diccionario’ da Real Academia Galega é un «Instrumento musical, semellante a un órgano, provisto dun fol que se acciona cos pés e que, en lugar de tubos, ten unhas lingüetas semellantes ás dun acordeón».

De novo aparece a muiñeira como peza estrela, bailada tanto polas mozas do país como polos emigrantes retornados con éxito, os americanos. Máis adiante, o texto menciona:

Sarandón en cuya parroquia hubo una discusión que degeneró en pelea de la que salieron tres jóvenes heridos aunque no de mucha gravedad, á causa de una disputa habida entre los de Vedra y Sarandón.

Como dixemos, a finais do século XIX xa se lles presta atención a estas liortas, que seguirán atraendo a atención da prensa nas primeiras décadas do século XX. Pola data na que se publica o xornal a parroquia da que se fala puidera ser a de San Pedro de Sarandón (Vedra), pois o seu patrón celébrase o 29 de xuño.

Continuamos coa *Gaceta de Galicia* do 10 de setembro de 1891, que nos achega na portada o texto ‘Fiestas en Galicia’, con dúas notas sobre festas que se deberon celebrar o día 8, unha delas di:

En el Burgo (Vedra) tuvo lugar el martes una gran función, hasta bien entrada la noche hubo baile y música.

A *Gaceta de Galicia* do 2 de xullo de 1893 recolle na segunda páxina a crónica ‘Desde el Ulla’, da festa de San Pedro celebrada

en San Pedro de Sarandón, asinada o 30 de xuño por Moraina, que cremos é Mariano Fernández Tafall, fillo do director do xornal. A esa crónica corresponde este fragmento:

Después de la misa mayor celebrada á las doce de la tarde, ante un concurso numeroso de fieles que llenaban la iglesia literalmente, y que escucharon la divina palabra por boca del celoso cura párroco de Trobe, que poco ha se encargó de estas dos parroquias, hubo el correspondiente baile, bajo los ardorosos rayos de un sol abrasador, que no era impeditivo el que con verdadero furor se entregasen mozos y mozas á tal diversión al compás de una rabiosa murga de por acá.

Máis adiante, outra pincelada sobre o baile do segundo día de festa:

Nada más natural que, después, visitara el campillo de la iglesia donde en torno del crucero bailaban muchos jóvenes de ambos sexos, deslizándose el tiempo de la manera más grata que se conoce, al observar como aquella colección de mozos de callosas manos y rostro tostado por el sol, haciendo 'vis' con las garridas muchachas de la aldea, se permitían la expansión natural de un día de jolgorio, 'brincando' de lo lindo y bordando con los piés alegres muiñeiras y punteadas. Con los últimos ecos de la música, hundíase el sol en el ocaso y estrechaba yo la mano de tan queridos amigos que en busca del apetecido reposo después de dos días de fiesta, retirábanse a sus casas.

Pocos momentos después, el alalalá de las mozas y los aturuxos de sus acompañantes turbaban el silencio extraño y melancólico que reina en el campo, interrumpido en otras ocasiones solo por el rumor de los pinos y el murmullo del arroyuelo, que diría el poeta.

Vemos que o autor fala de muiñeiras, punteadas, alalás e aturuxos, e que o baile era acompañado por unha 'murga' que supoñemos sería un grupo de gaiteiros.

O 11 de xullo de 1893, o mesmo Moraina publica na *Gaceta de Galicia* a crónica 'Desde el Ulla' describe a función celebrada na capela de Santo André Avelino de Socastro (San Mamede de Ribadulla, Vedra), aínda que erroneamente a sitúa na tamén parroquia vedresa lindeira, San Cristovo de Merín:

«El átrio que la circunda, espacioso y con una robleda contigua, hallábase adornado con farolillos de cristal y colores, así que por la noche, después de un incesante baile de los campesinos, presentaba un bello aspecto».

Como curiosidade, conclúe a crónica con dous parágrafos interesantes sobre a realidade cotiá máis alá das festas:

Héme aquí agora convertido en Corresponsal cronista, clase de los rurales, suponiéndome la tarea de noticiar festejos, que es lo más alegre que de aquí puedo comunicaros, puesto que á la última tormenta, que en determinadas localidades causó daños, hay que añadir la plaga del ‘mildew’, el cual asociado con el ‘oidium’ da pocas esperanzas de que haya cosecha de vino.

La emigración, por otra parte, la política y las innumerables vejaciones que acompañan al hombre, desde que nace hasta que muere y aún más allá de muerto, en ciertos casos asolen á este país, tan rico en producciones, como abundante en hermosas campesinas, de las cuales no os hablo para que no se os haga la boca agua.

Unha noticia breve na *Gaceta de Galicia* na segunda páxina do 29 de maio de 1894 achega algúns datos da romaría do Pico de Maio celebrada na capela de San Sebastián no Pico Sacro (Boqueixón). A festa foi o domingo anterior, 27 de maio:

Por la tarde se efectuó en la robleda donde tiene lugar la feria del 26 el baile que duró hasta la noche sin que ocurriese ningún incidente, gracias á la presencia de la Guardia civil del puesto de la Ulla.

Chegamos a 1900. Na segunda páxina da ‘Gaceta de Galicia’ do 13 de xullo lemos:

En una romería que en la parroquia de San Mamed de Rivadulla en el ayuntamiento de Vedra, se celebraba días pasados en honor de San Andrés Avelino, se suscitó una reyerta entre los jóvenes de las parroquias de Vilanova y Santa Cruz, de aquel término, que á la fiesta asistían con motivo de un baile que allí se verificaba.

Pronto, armados con palos, bisarmas, etc., se enzarzaron unos y otros, resultando de la pendencia heridos.

En efecto, acabaron feridos un veciño da parroquia de San Pedro de Vilanova e outro da de San Mamede, e como autor das lesións foi “capturado” un mozo de Santa Cruz, que foi “puesto á disposición del juez municipal de aquel término”.

Antonio Fernández Tafall (1887)

Fillo do director da *Gaceta de Galicia*, Antonio Fernández Tafall publica o 3 de setembro de 1887 no xornal compostelán unha crónica titulada ‘En el Palacio de Oca’ na que describe a celebración dos Sagrados Corazóns de Xesús e de María celebrada na capela do Pazo

de Oca (Santo Estevo de Oca, A Estrada). Houbo misa cantada e tras a procesión e o xantar, festa:

Eran las cinco de la tarde cuando las mozas de las aldeas contiguas concurrían á la ruada que duró hasta las once de la noche.

También se improvisó un baile campestre en el que tomaron parte muchas familias de particulares que tienen casa de recreo en aquellos lugares.

Rematou a xornada con aturuxos e «Al día siguiente se cantó un oficio de difuntos por el alma de los antepasados de los señores marqueses».

R. de San Miguel (1892)

Este autor asina o 28 de agosto unha carta titulada ‘Desde Oca’ e publicada o 30 de agosto de 1892 na segunda páxina do xornal compostelán *Gaceta de Galicia*, na que se describe a novena e festa dos Sagrados Corazóns no Pazo de Oca. A novena comezou o 19 de agosto «con pláticas de un P. Jesuita y variados cánticos como el ‘Corazón Santo’ etc. interpretados admirablemente por el Sr. Brabo con acompañamiento del expresivo de la capilla».

Emilio A. Villelga Rodríguez (1894)

A publicación pontevedresa ‘La Revista Popular’ achega nas páxinas 4 e 5 do número do 20 de setembro de 1894 o texto ‘Unos días en La Mota (Ulla)’, no que Emilio A. Villelga Rodríguez escribe sobre a romaría da Virxe da Guía en San Vicente de Berres (A Estrada):

vámonos pues, á la foliada ó baile del pais; allí, al destemplado son de una murga, bailan mozos y mozas; éellos, despepitándose por hacer puntos y figuras; ellas, con paso perezoso, ademán reposado, y con impasibilidad automática, se mueven como por resorte sin agitarse mucho ni poco.

Jacinto Vergés (1898)

A portada do diario de Lugo *La Idea Moderna* do 30 de marzo de 1898, recolle o artigo ‘La música gallega’ de Jacinto Vergés:

Los ‘Alalás’ ó ¡L’Alalalaaa’, originario de los valles del Ulla, es un canto que derrama en el espíritu una fruición solamente comparable á la que se siente

contemplando aquelas incomparables comarcas. Termina siempre con una nota que se prolonga indefinidamente. Las coplas que se cantan son cuartetos octosílabos.

Marcial Valladares Núñez (1899)

O *Almanaque Gallego* de 1899, que supoñemos sería impreso a finais de 1898, trae unha composición de Marcial Valladares, o autor de Vilancosta (Berres, A Estrada) onde se emprega precisamente o recurso do alalá así como o do aturuxo (¡Hu-hu-huí!). Nótese que a ‘j’ debe lerse como ‘x’:

Fin de romaría (PARA ORFEÓN)

O bailotéo acabóu,
meniñas, non vos marchés,
qu’eu para a casa non vou,
s’aquí cantar vós querés.
Meniñas, volvéde atrás;
eu tamén quero cantar,
e, anque non son ja rapás,
inda vos séi atrujar.

¡Hu-hu-huí!

- Vivan as nénas d’a Ulla,
nénas de meigósas fálalas!
- ¡Vivan! - Basta; é, sin máis bulla,
cantémos dous alalálas.

«Dicen qu’esta tèrra è n’osa,
sabendo que n’è verdá,
póis de todo canto rinde
n’è pra nós nin a mitá».

A-la-la-lá la.

A-la-la-lá.

«Fójen d’o país as gentes,
pórqu’ aquí todo è pagar,
e quedas, ¡próbe Galicia!,
sin brazos pra traballar».

A-la-la-lá la.

A-la-la-lá.

«Hóje rir, mañán chorar,
sêmpr’ así fói e será:

todo, un día, hà d' acabar
e despóis ja se verá».

A-la-la-lá la.

A-la-la-lá.

«Felice-los que se dèitan,
sin ánsias en que pensar:
érguense, pórque despèrtan
e saben qu' han d' almorzar»

A-la-la-lá la.

A-la-la-lá.

¡Hu-hu-húí!

- ¡Vivan as nénas d'a Ulla,
nénas n' os báiles ja' scasas!
- ¡Vivan! - Basta; e, sin máis bulla,
andando pr' as nósas casas.

Conclusión

Este repaso por case dúas ducias de informacións publicadas no século XIX sobre as festas e a música no Val do Ulla permítenos observar que de par dos conxuntos tradicionais de gaiteiros e dos coros organizados para as distintas celebracións comezan a ser moi populares as bandas de música e que para as celebracións relixiosas ás veces son contratados coros e músicos profesionais ou semiprofesionais.

En canto ás pezas interpretadas, a muiñeira e o alalá da Ulla parece ser a estrela pero tamén aparecen composicións foráneas coma as habaneiras, o chotis, a polca ou a mazurca. Hai crónicas moi detallistas, mentres que outras se limitan a falar xenericamente de baile sen indicar que tipo de pezas se bailaban.

No que se refire ós instrumentos, é a crónica da romaría da Grela de 1882 a que nos dá a coñecer por primeira vez o nome da requinta, a fruta traveseira propia da Ulla que debeu comezar a construírse poucos anos antes. Vemos tamén como os harmonios comezan a introducirse nas celebracións relixiosas.

E como sinalabamos no principio do artigo, compróbase nos últimos anos do século que se empeza a prestar atención a elementos da festa antes ignorados, coma as liortas coas que acababan algunhas romarías, ou as preocupacións da vida cotiá coma as pestes nas viñas ou a emigración masiva cara a América.

Polo demais, moitos dos textos estudados achegan igualmente interesantes descrições das paisaxes da Ulla, polo que resultan moi agradables de ler, e poderían desde logo servir como material de estudo para outro artigo.

Apéndice

Táboa 1. Datos na prensa sobre a música nas festas do Val do Ulla na segunda metade do século XIX

Día, mes e ano	Texto, publicación e lugar de edición	Autoría	Lugar	Formacións	Pezas	Instrumentos
25/07/1853	'Un valle de Galicia' ('Museo de las Familias', Madrid)	Antonio Neira de Mosquera	Ponte Ulla (Santa María Madanela da Ponte Ulla, Vedra), Tomonde (Santa Cruz de Ribadulla, Vedra)	Gaiteiro	Bailables, muiñeira, cántiga popular, cantares, schotix (chotis), polca-mazurca	Gaita, castañolas, frauta, bombo, tamboril
03/06/1875 10/06/1875	'4. El primer día de sol' ('El Heraldo Gallego', Ourense)	Alfredo Vicenti Rey	Santo Estevo de Oca (A Estrada)	Gaiteiro, coro de Nadal	Habaneiras, aturuxos, coplas de Nadal en castelán	Gaita
17/06/1875 24/06/1875	'5. La máscara' ('El Heraldo Gallego', Ourense)	Alfredo Vicenti Rey	Santo Estevo de Oca, San Xiao de Arnois (A Estrada)	Gaiteiro	Bailables, alborada, coplas	Gaitas, clarinetes, cornetíns de pistón, tamboril
11/03/1876 18/03/1876	'La romería' ('El Heraldo Gallego', Ourense)	Waldo Álvarez Insua	San Miguel de Cora (A Estrada), V[edra] (Vedra)	Banda de música, coro parroquial	Cántiga, muiñeira	Gaita, castañolas
13/09/1876	'Carta' ('El Diario de Santiago', Santiago de Compostela)	X.	Santa Baia de Vedra (Vedra), O Burgo (Vedra)	Música da Estrada	Muiñeira, serenata, baile de cabaleiros, baile de labradores	Bombo, platillos, gaita
08/08/1878	'Costumbres gallegas: a espadela' ('Eco de Galicia', A Habana)	Waldo Álvarez Insua	Santa María de Teo (Teo)	Gaiteiros	Cantos populares, muiñeira, coplas	Gaita, tamboril

Día, mes e ano	Texto, publicación e lugar de edición	Autoría	Lugar	Formacións	Pezas	Instrumentos
10/08/1880	'Crónica de los festejos de Santiago, en el Año Santo de 1880' ('Revista de Galicia', A Coruña)	Non se indica	Ortigueira (Santa Cruz de Ribadulla, Vedra)	Non se indica	Baile	Non se indica
25/03/1881	'A espadela' ('El Día de Fiesta', A Coruña)	Benito Losada Astray	A Ulla	Coro veciñal, gaitero	Cantares, alalás, aturuxos, bailables	Gaita, pandeiro, ferreñas, castañolas
12/09/1882	'En S. Julián de Sales' ('Gaceta de Galicia', Santiago de Compostela)	Non se indica	San Xíán de Sales (Vedra)	Orquestra do país, orquestra de capela	Bailables	Non se indica
03/12/1882	'Nuestra Señora da Grela' ('El Eco de Galicia. Revista semanal de ciencias, arte y literatura', A Habana)	Alfredo Andión	San Xurxo de Codeseda (A Estrada)	Coro veciñal, coro sacerdotal, gaita, música, Banda de música da Lama	Cantos populares, cantos relixiosos, coplas de cego, muiñeiras, jotas, mazurcas, aturuxos, bailables	Pandeireta, requinta, zanfona, gaita, castañolas, pandeiro
03/09/1887	'En el Palacio de Oca' ('Gaceta de Galicia', Santiago de Compostela)	Antonio Fernández Tafall	Oca (Santo Estevo de Oca, A Estrada)	Non se indica	Bailables, aturuxos, cantos relixiosos	Non se indica
18/09/1887	'Relembro d'aló. A festa de Gundián'	Benito Losada Astray	Gundián (Santa María Madanela da Ponte Ulla, Vedra)	Música de Caldelas (posible grupo de gaiteros). coro parroquial	Cantos relixiosos, muiñeira	Gaita, tamboril, bombo
12/08/1889	'Desde el Ulla' ('Gaceta de Galicia', Santiago de Compostela)					
	El Corresponsal	San Miguel de Sarandón (Vedra)	Dúas bandas de música	Bailables	Non se indica	

Día, mes e ano	Texto, publicación e lugar de edición	Autoría	Lugar	Formacións	Pezas	Instrumentos
30/06/1891	'Fiestas' ('Gaceta de Galicia', Santiago de Compostela)					
	Non se indica	Val do Ulla	Murga, coro parroquial, terceto	Cantos relixiosos, muiñeira	Harmonio	
10/09/1891	'Fiestas en Galicia' ('Gaceta de Galicia', Santiago de Compostela)	Moraina	O Burgo (Vedra, Vedra)	Non se indica	Bailables	Non se indica
30/08/1892	'Carta' ('Gaceta de Galicia', Santiago de Compostela)	R. de San Miguel	Oca (Santo Estevo de Oca, A Estrada)	Sr. Brabo acompañado por unha capela	'Corazón Santo' e outros cantos relixiosos	Non se indica
02/07/1893	'Desde el Ulla' ('Gaceta de Galicia', Santiago de Compostela)	Moraina	San Pedro de Sarandón (Vedra)	Murga	Bailables, muiñeiras, punteadas, alalá, aturuxos	Non se indica
11/07/1893	'Desde el Ulla' ('Gaceta de Galicia', Santiago de Compostela)	Moraina	Socastro (San Mamede de Ribadulla, Vedra)	Non se indica	Bailables	Non se indica
29/05/1894	'Santiago' ('Gaceta de Galicia', Santiago de Compostela)	Non se indica	Carballeira da Feira do 26 (Santa María de Lestedo, Boqueixón)	Non se indica	Bailables	Non se indica
20/09/1894	'Unos días en La Mota (Ulla)' ('La Revista Popular, Pontevedra)	Emilio A. Villelga Rodríguez	San Vicente de Berres (A Estrada)	Murga	Bailables	Non se indica
30/03/1898	'La música gallega' ('La Idea Moderna', Lugo)	Jacinto Vergés	Val do Ulla	Non se indica	Alalá, coplas	Non se indica
1899	'Fin de romaría' (para orfeón) ('Almanaque Gallego', Bos Aires)	Marcial Valladares Núñez	Val do Ulla	Non se indica	Bailables, cantos populares, aturuxos, alalá	Non se indica

Día, mes e ano	Texto, publicación e lugar de edición	Autoría	Lugar	Formacións	Pezas	Instrumentos
13/07/1900	'Sección Regional' ('Gaceta de Galicia', Santiago de Compostela)	Non se indica	Socastro (San Mamede de Ribadulla, Vedra)	Non se indica	Bailables	Non se indica